

## ¿Qué é ser voluntario?

Voluntario é aquela persoa que, por propia elección, e por razóns persoais, éticas, morais, ideolóxicas ou de outro tipo decide dedicar parte do seu tempo, traballo e recursos a unha acción solidaria e altruísta pola cal non recibe ningún tipo de compensación económica pero si unha contraprestación en satisfacción, experiencia e aprendizaxe entre outros valores.

Existe unha Lei da acción voluntaria: Ley 10/2011, do 28 de novembro (aparece nosa páxina web [www.refuxio.org](http://www.refuxio.org), apartado voluntariado)

## DEREITOS E DEBERES DOS VOLUNTARIOS

### Dereitos:

- Recibir a información, orientación e apoio e, no seu caso, medios necesarios para o desenvolvemento das funcións que se lle asignen.
- Ser tratados sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- Colaborar na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas de acordo as normas de aplicación.
- Ser asegurados contra riscos de accidente e enfermidade derivados directamente do exercicio da actividade voluntaria, coas características e polos capitais asegurados que se establezan regulamentariamente.
- Dispor dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario.
- Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene en función da natureza e características de aquela.
- Obter o respecto e recoñecemento polo valor social da súa contribución.

### Deberes

- Non dificultar, por obra ou por omisión, o traballo do persoal do centro e procurar dentro do posible non entorpecer as **labores principais** que son as da limpeza, coidado e alimentación dos animais. Aceptando a súa vez as restricións que estas prioridades podan supor para a realización doutras actividades como son o paseo dos animais, a visita de posibles adoptantes, etc.
- Tratar sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas do resto dos voluntarios, empregados, colaboradores, visitantes e Entidades que intervén no Refuxio.
- Respetar a Fundación sen utilizala en beneficio propio.
- Non difamar nin facer comentarios falsos sobre a Fundación, persoal, voluntarios, colaboradores, visitantes e Entidades que intervén no Refuxio
- Manter a confidencialidade e a discreción.
- Facer un uso responsable dos bens materiais que a Fundación poña a súa disposición.
- Utilizar debidamente a acreditación que a Fundación proporciona.
- Interromper a colaboración cando a Fundación xustificadamente o solicite.
- Comprometerse de xeito libre e responsábel, cumprindo os compromisos adquiridos e realizando con seriedade as tarefas encomendadas.
- Participar nas reunións do voluntariado que solicite a dirección da Fundación ou que se convoquen por parte do propio voluntariado, que faranse con tempo suficiente e en horarios que permitan a asistencia do todo o voluntariado. Farase un Acta da reunión na que se porán os puntos a tratar e posteriormente, como máximo en dúas semanas se exporán as conclusións.
- Informarse, antes de comprometerse, sobre a tarefa e responsabilidades que se asumirán e considerar si se dispón de tempo e enerxías suficientes.
- En caso de renuncia, comunicala con antelación suficiente para evitar prexuízos aos animais o á Fundación.
- Se un voluntario deixa de asistir polo menos un mes, sen comunicalo previamente a Dirección por medio escrito, deixará de ser voluntario da Fundación de forma automática e non poderá volver a optar a ser voluntario do Refuxio.
- Manter unha actitude aberta e cooperante cara as indicacións da Fundación.